

MANUAL TÉCNICO
PARA A INTEGRACIÓN
DA ACTIVIDADE
PREVENTIVA NOS
SISTEMAS DE XESTIÓN
DA EMPRESA



Dende a Federación Empresarial de Transportes de Galicia, FETRAM, organización que coma sabes conforman as asociacións, AETRAM (Lugo), ATEFRIMER (Pontevedra) e ASCENTRA (A Coruña), queremos facerte chegar este **Manual técnico para a integración da actividade preventiva nos sistemas de xestión da empresa**, co obxecto de que che sexa de utilidade para o desenvolvemento da túa actividade como profesional do transporte.

Á marxe do anterior, quero trasladarte o meu máis sincero recoñecemento persoal e o da Xunta Directiva de FETRAM, polo teu compromiso coa nosa organización e o noso desexo permanente de convertela nun instrumento de defensa e unidade dos transportistas de Galicia

Cordialmente

Fernando Teijeiro



Presidente de FETRAM

fetram 

OBXECTIVO

Ao longo dos anos vense comprobando na Federación Empresarial de Transportes de Galicia, FETRAM, que existe unha visión, por parte dos seus asociados, de que a prevención de riscos laborais é algo que está fóra da xestión propia das súas empresas, que forma parte de actividades externas e que á hora de planificar as distintas actividades da súas organizacións non se ten en conta de forma integrada.

Dende FETRAM acometemos a elaboración dun **Manual técnico para a integración da actividade preventiva nos sistemas de xestión da empresa de marcado carácter divulgativo**, que ten coma obxectivo concienciar aos nosos asociados sobre a importancia da integración da prevención de riscos laborais dentro do sistema xeral de xestión das súas empresas, tal e como reflexa a Lei 54/2003, de 12 de decembro, que modifica a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais e o Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, de regulamento dos servizos de prevención.

Este manual diríxese fundamentalmente ás PEMES e aos autónomos, facendo especial mención ao sector do transporte, pero que tamén será un elemento de consulta válido para calquera outro sector.

Tratarase de forma moi especial a coordinación de actividades empresariais xa que compróbase que non se ten un coñecemento real sobre a mesma, tendo en conta que, en sectores como o do transporte, os traballadores do mesmo están case a diario ocupando espazos físicos doutras organizacións empresariais, sobre todo nas operacións de carga e descarga.

O custo dos accidentes de traballo é moi elevado, temos que lembrar que calquera cantidade que destinemos á prevención de riscos laborais, non será un gasto senón un investimento que, no medio e longo prazo, fará que a nosa empresa teña mellor imaxe e sexa máis competitiva no mercado.

ESTRUCTURA DO MANUAL

Capítulo I. O traballador autónomo. Definicións e consideracións

Abordaremos a posición do traballador autónomo con respecto á prevención de riscos laborais partindo dunha análise do Estatuto do Traballador Autónomo, que trata este tema no artigo 8. Veremos a distinción entre traballador autónomo con e sin traballadores contratados.

Capítulo II. A lei de prevención de riscos laborais

Faremos un percorrido pola maior parte da mesma, desglosando e tratando de explicar os puntos máis importantes para a pequena empresa, o autónomo e o autónomo con traballadores contratados.

Capítulo III. Organización da prevención

Trataremos todo o relativo á integración da actividade preventiva no sistema de xestión da empresa a través da análise da planificación preventiva e as distintas modalidades de organización da prevención.

Capítulo IV. Coordinación de actividades empresariais

Cando unha ou varias empresas ou traballadores autónomos comparten o mesmo centro de traballo, cada un de eles terá unha serie de obrigas en canto a colaboración e coordinación para analizar e evitar os posibles riscos laborais que deriven da interacción das actividades desenvolvidas.



Figura 1. Estrutura do Manual





CAPÍTULO I O TRABALLADOR AUTÓNOMO. DEFINICIÓNS E CONSIDERACIÓNS

Definición
11

Acción protectora
12

Accidente de traballo do
Traballador Autónomo
13

O Estatuto do Traballador
Autónomo e PRL
15

1 DEFINICIÓN

A Lei 20/2007, de 11 de xullo, pola cal se aproba o Estatuto do Traballador Autónomo fai as seguintes definicións:

1.1 Traballador autónomo

A persoa física que realice de forma habitual, persoal e directa, por conta propia e fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa, unha actividade económica ou profesional a título lucrativo, dando ou non ocupación a traballadores por conta allea.

1.2 Traballador autónomo economicamente dependente

Son aqueles que realicen unha actividade económica ou profesional a título lucrativo, e de forma habitual, persoal, directa e predominante para unha persoa física ou xurídica, denominada cliente do que dependen economicamente por percibir do mesmo, polo menos, un 75% dos seus ingresos por rendementos do traballo e de actividades económicas e empresariais.

Estas definicións son moi importantes dado que con respecto á Prevención de Riscos Laborais estas dúas figuras van a ter diferentes obrigas:

O traballador autónomo sen traballadores ao seu cargo, basicamente, vese afectado pola lexislación de PRL case exclusivamente no que afecta á coordinación de actividades profesionais (art. 24 da LPRL e RD 171/2004), que trataremos no capítulo IV.

O traballador autónomo con traballadores a cargo, con respecto á lexislación de PRL é un empresario máis e, por tanto, ten que cumprir todas as obrigas que esta lexislación contempla. Esta consideración é algo que temos que ter moi en conta á hora de establecer o tipo de organización en materia de Prevención de Riscos Laborais que imos a adoptar (tratarase no capítulo III.)

2 ACCIÓN PROTECTORA

No artigo 26 do Estatuto do Traballador Autónomo (Lei 20/2007), faise mención expresa á protección do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por conta Propia ou Autónomos, facendo constar no seu punto b, que comprenderá as prestacións económicas nas seguintes situacións:

- > Incapacidade temporal.
- > Risco durante o embarazo.
- > Maternidade.
- > Paternidade.
- > Risco durante a lactación materna.
- > Incapacidade permanente.
- > Xubilación.
- > Morte e supervivencia.
- > Familiares por fillo a cargo.

Non obstante temos que ter en conta que para que o traballador autónomo poida ter as prestacións correspondentes ás continxencias derivadas de accidente de traballo ou enfermidade profesional, ten que ter incorporado de forma voluntaria, posto que non é obrigatorio, a cobertura de risco por continxencias profesionais. (art. 3 RD. 1273/2003 – continxencias protexidas e prestacións).

3 ACCIDENTE DE TRABALLO DO TRABALLADOR AUTÓNOMO

3.1 Definición

Entenderase como accidente de traballo do traballador autónomo o acontecido como consecuencia directa e inmediata do traballo que realiza pola súa propia conta e, por tanto, determinase a súa inclusión no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

3.2 Terán a consideración de accidentes de traballo os seguintes: (art. 3.2 RD 1273/2003)

- > Os acaecidos en actos de salvamento e outros de natureza análoga, cando uns e outros teñan conexión co traballo.
- > As lesións que sufra o traballador durante o tempo e no lugar de traballo, cando se probe a conexión co traballo realizado por conta propia.
- > As enfermidades, non incluídas no apartado 5 do artigo 3 do RD 1273/2003, que contraia o traballador con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade foi causada exclusivamente pola execución do traballo.

- > As enfermidades ou defectos padecidos con anterioridade polo traballador, que se agraven como consecuencia da lesión producida polo accidente.
- > As consecuencias do accidente que resulten modificadas na súa natureza, duración, gravidade ou terminación, por enfermidades intercorrentes, que constitúan complicacións derivadas do proceso patolóxico determinado polo accidente mesmo ou teñan a súa orixe en afeccións adquiridas no novo medio no que se situara o paciente para a súa curación.

3.3 Non terán consideración de accidente de traballo: (art. 3.3 RD 1273/2003)

- > Os que sufra o traballador ao ir ou ao volver do seu lugar de traballo (en itinere).
- > Os que sexan debidos a forza maior estraña ao traballo, entendéndose por esta a que sexa de tal natureza que non garde ningunha relación co traballo que se executaba ao acontecer o accidente . En ningún caso considérase forza maior estraña ao traballo a insolación, o raio ou outros fenómenos análogos da natureza.
- > Os que sexan debidos a dolo ou pola imprudencia temeraria do traballador.

4 O ESTATUTO DO TRABALLADOR AUTÓNOMO E A PRL

A Lei 20/2007 que recolle o Estatuto do Traballador Autónomo, no seu artigo 8 refírese de forma expresa á Prevención de Riscos Laborais. Pola súa importancia, reproducímolos de forma íntegra:

1. As Administracións Públicas competentes asumirán un papel activo en relación coa Prevención de Riscos Laborais dos traballadores autónomos, por medio de actividades de promoción da prevención, asesoramento técnico, vixilancia e control do cumprimento polos traballadores autónomos da normativa da prevención de riscos laborais.
 2. As Administracións Públicas competentes promoverán unha formación en prevención específica e adaptada ás peculiaridades dos traballadores autónomos.
- > Cando nun mesmo centro de traballo desenvolvan actividades traballadores autónomos e traballadores doutra ou outras empresas, así como cando os traballadores autónomos executen a súa actividade profesional nos locais ou centros de traballo das empresas para as cales están prestando os seus servizos, serán de aplicación para todos eles os deberes de cooperación, información e instrución previstas nos apartados 1 e 2 do artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Este punto é especialmente importante dado que fai mención expresa á responsabilidade que teñen os traballadores autónomos no momento que traballan nas instalación dun cliente compartindo espazo con outras empresas e, polo tanto, con outros traballadores. Por esta razón é imprescindible cumprir todo o referente a coordinación de actividades empresariais, da que falaremos no capítulo IV.

No caso do transporte de mercadorías por estrada, esta circunstancia prodúcese de forma habitual nas operación de carga e descarga de aí a súa vital importancia.

3. As empresas que contraten con traballadores autónomos a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daquelas, e que se desenvolvan nos seus propios centros de traballo, deberán vixilar o cumprimento da normativa de PRL.

4. Cando os traballadores autónomos deban operar con maquinaria, equipos, produtos, materias ou útiles proporcionados pola empresa para a que executen a súa actividade profesional, pero non realicen esa actividade no centro de traballo de tal empresa, esta asumirá as obrigas consignadas no último parágrafo do artigo 41.1 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais. (O artigo 41.1 trata das obrigas dos fabricantes, importadores e subministradores de maquinaria, equipos, produtos e útiles de traballo para asegurar que estes non supoñan un fonte de perigo para os traballadores, sempre que se instalen e usen de forma correcta).

5. No caso de que as empresas incumpran as obrigas previstas nos puntos 3 a 5 do presente artigo, asumirán as obrigas indemnizatorias dos danos e prexuízos ocasionados, sempre e cando teñan relación causal directa entre tales incumprimentos e os prexuízos e danos causados.
6. A responsabilidade do pago establecido no parágrafo anterior, que recaerá directamente sobre o empresario infractor, o será con independencia de que o traballador autónomo se teña acollido ou non ás prestacións por continxencias profesionais.
7. O traballador autónomo terá dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo cando considere que dita actividade entraña un risco grave ou inminente para a súa vida ou saúde.
8. As disposicións contidas no presente artigo aplicaranse sen prexuízo das obrigas legais establecidas para os traballadores autónomos con asalariados ao seu cargo na súa condición de empresarios.

Deste punto número 8 vemos claramente que o lexislador refírese ao traballador autónomo con traballadores ao seu cargo como empresario sendo, por tanto, depositario de todas as obrigas e dereitos deste.





CAPÍTULO II

LEI 31/1995 DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

Consideracións previas
21

Obxecto e ámbito de aplicación
22

Conceptos e definicións
23

Dereito á protección
fronte aos riscos laborais
24

Principios da acción preventiva
25

Vixilancia da Saúde
26

Documentación
28

1 CONSIDERACIÓN PREVIAS

A Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais, foi aprobada o oito de novembro de 1995, e traspón ao dereito español a Directiva 89/391/CEE. Esta directiva contempla unha serie de medidas co obxecto de promover a mellora na seguridade e na saúde dos traballadores no ámbito do traballo, contendo o marco xurídico xeral no que opera a política de prevención comunitaria.

Esta lei vese afectada ao longo de tempo por distintas leis e reais decretos legislativos, o que reflicte a importancia da mesma e a súa constante evolución para adaptarse a unha realidade cambiante en materia de Prevención de Riscos Laborais.

Nos seguintes puntos faremos un percorrido por distintos aspectos da LPRL deixando temas concretos coma a coordinación de actividades empresariais e o plan de prevención de riscos laborais para un maior desenvolvemento noutros capítulos

2 OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

2.1 Obxecto

Promover a seguridade e a saúde dos traballadores mediante a aplicación de medidas e o desenvolvemento das actividades necesarias para a prevención de riscos laborais derivados do traballo.

2.2 Ámbito de aplicación

Esta lei e as súas normas serán de aplicación nos seguintes casos:

- > As relacións laborais reguladas polo Estatuto dos Traballadores.
- > As relacións de carácter administrativo ou estatutario do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- > Fabricantes, importadores e subministradores no cumprimento das obrigas específicas para os mesmos.
- > Traballadores autónomos, nos dereitos e obrigas que poidan derivarse da presente lei.
- > Sociedades cooperativas nas que existan socios que teñan por actividade a prestación dun traballo persoal.

Observamos que a LPRL fai mención explícita aos traballadores autónomos en canto aos seus dereitos e obrigas.

3 CONCEPTOS E DEFINICIÓNS

A continuación faremos unha serie de definicións de conceptos para poder comprender mellor os temas a tratar nos próximos puntos.

- > Prevención: conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases da actividade da empresa, co fin de evitar ou diminuír os riscos derivados do traballo.

Lembremos que un autónomo con traballadores ao seu cargo ten a consideración de empresa.

- > Risco laboral: posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo.
- > Danos derivados do traballo: enfermidades, patoloxías e lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- > Risco laboral grave ou inminente: aquel que, razoablemente, resulte probable que se materialice nun futuro inmediato e poida supoñer un dano grave para a saúde dos traballadores.
- > Procesos, actividades, operacións, equipos ou produtos potencialmente perigosos: aqueles que, en ausencia de medidas preventivas específicas, orixinan riscos para a seguridade e a saúde dos traballadores que os desenvolven ou utilizan.
- > Equipo de traballo: calquera máquina, aparato, instrumento ou instalación utilizada no traballo.
- > Condición de traballo: calquera característica do mesmo que poida ter unha influencia significativa na xeración de riscos para a seguridade e a saúde do traballador.

- > Equipo de protección individual: calquera equipo destinado a ser levado ou suxeito polo traballador para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou saúde no traballo, así coma calquera complemento ou accesorio destinado a tal fin.

4 DEREITO Á PROTECCIÓN FRONTE AOS RISCOS LABORAIS

A Lei de Prevención de Riscos Laborais no seu artigo 14, nos puntos 1 e 2, establece que os traballadores teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo e que o empresario (por tanto o autónomo con traballadores a cargo) deberá garantir a seguridade e saúde dos traballadores ao seu servizo en todos os aspectos relacionados co traballo.

No ámbito das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a:

- > Integración da actividade preventiva no sistema xeral de xestión da empresa, tanto no conxunto das súas actividades como en todos os niveis xerárquicos da mesma.
- > Adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e saúde dos traballadores ao seu cargo:
 - Elaboración do plan de prevención de riscos laborais.
 - Avaliación de riscos.
 - Información aos traballadores.
 - Consulta e participación dos traballadores.
 - Formación dos traballadores.

- Actuación en casos de emerxencia e de risco grave e inminente.
- Vixilancia da saúde.
- Seguimento da actividade preventiva, co obxecto de perfeccionala.

5 PRINCIPIOS DA ACCIÓN PREVENTIVA

No artigo 15 da lei de PRL detállanse os principios xerais sobre os que o empresario aplicará as medidas que integran o deber xeral de prevención de riscos laborais, contemplado no artigo 14.

- > Evitar os riscos.
- > Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- > Combater os riscos na súa orixe.
- > Adaptar o traballo á persoa.
- > Ter en conta a evolución da técnica.
- > Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo.
- > Planificar a prevención.
- > Adoptar as medidas que antepoñan a protección colectiva á individual.
- > Dar as debidas instrucións aos traballadores.
- > Ter en conta a formación e a capacidade profesional dos traballadores.
- > Garantir a información adecuada e suficiente aos traballadores.

- > Adoptar medidas para previr distraccións e imprudencias do traballador.
- > Concertar un seguro para garantir os posibles riscos derivados do traballo.

Os seguros concertados para dar cobertura a posibles riscos derivados do traballo poderán establecelos:

- > A empresa respecto dos seus traballadores.
 - > Os traballadores autónomos respecto a eles mesmos.
 - > As sociedades cooperativas respecto aos seus socios traballadores.
-

6 VIXILANCIA DA SAÚDE

O artigo 22 da LPRL fai referencia a vixilancia da saúde establecendo que é o empresario o que ten que garantir aos seus traballadores a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao seu traballo. Recordemos de novo que o autónomo con traballadores a cargo tamén está obrigado a cumprir esta artigo.

Non obstante, a vixilancia da saúde ten unhas características que pasamos describir:

- > A vixilancia da saúde, en termos xerais, será voluntaria e por tanto necesitará do consentimento do traballador (*)
- > Optarase sempre por aquelas probas que sexan menos molestas para o traballador e proporcionais ao risco laboral do seu traballo.

- > Sempre se deberá respectar o dereito á intimidade e á dignidade do traballador.
- > A información relacionada co estado de saúde do traballador será confidencial.
- > Os resultados da vixilancia da saúde, será comunicada ao traballador.
- > Os datos relativos á vixilancia da saúde dos traballadores non poderán ser usados con fines discriminatorios, nin en prexuízo dos mesmos.
- > Nos supostos de que os riscos inherentes ao traballo o fagan necesario, o dereito dos traballadores á vixilancia periódica do seu estado de saúde deberá prorrogarse máis alá da finalización da relación laboral.
- > As medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levaranse a cabo por persoal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditada.

(*) A vixilancia da saúde poderá ser obrigatoria nos seguintes casos, e sempre previo informe dos Representantes dos Traballadores:

- > Nos supostos de que a realización dos recoñecementos médicos sexa imprescindible para avaliar os efectos das condicións do traballo sobre a saúde dos traballadores.
 - > Para verificar se o estado de saúde do traballador pode constituír un perigo para el, para os demais traballadores ou para outras persoas relacionadas coa empresa.
 - > Cando estea establecido por unha disposición legal en relación coa protección de riscos específicos e de actividades de especial perigosidade.
-

7 DOCUMENTACIÓN

No artigo 23 da LPRL, relaciónase unha serie de documentación que o empresario e o autónomo con traballadores a cargo, debe elaborar, conservar e poñer a disposición da autoridade laboral:

- > Plan de prevención de riscos laborais.
- > Avaliación de riscos laborais.
- > Resultados dos controles periódicos das condicións de traballo e da actividade dos traballadores.
- > Planificación da acción preventiva.
- > Resultados da vixilancia da saúde dos traballadores.
- > Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que causen ao traballador unha incapacidade temporal superior a un día de traballo.





CAPÍTULO III ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN

Integración da actividade
preventiva na empresa
33

Plan de Prevención de
Riscos Laborais
35

Avalación de Riscos Laborais
37

Planificación da
Acción Preventiva
42

Organización de Recursos
para as Actividades Preventivas.
Modalidades
50

Infracción e sancións
na orde social
52

1 INTEGRACIÓN DA ACTIVIDADE PREVENTIVA NA EMPRESA

A Lei de PRL (31/1995), no seu artigo 16, e o RD 39/1997 polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, no seu artigo 1, fan constar a necesidade de integración da prevención de riscos laborais en todo o sistema xeral de xestión da empresa. O que quere dicir que a prevención non é un ámbito externo á empresa senón que forma parte da xestión propia da mesma e, por tanto, debe estar presente en calquera actuación que se faga na empresa, dende a adquisición de equipos ou instalacións, a organización do traballo, a contratación de traballadores...

A integración da actividade preventiva na empresa podemos dicir que comprende:

- > Todo o conxunto de actividades da empresa.
- > Todos os niveles xerárquicos da mesma.

É fundamental ter en conta que a Prevención de Riscos Laborais non é só responsabilidade da persoa ou persoas que se encargan de forma directa da súa xestión, senón que a reponsabilidade parte dende a primeira liña xerárquica ata a última, dende o máximo responsable ata o último dos traballadores.

A integración da PRL no conxunto de actividades da empresa debe proxectarse no seguinte:

- > Nos procesos técnicos.
- > Na organización do traballo.
- > Nas condicións en que se presta o traballo.

Os traballadores e os seus representantes deberán contribuír á integración da Prevención de Riscos Laborais na empresa e colaborar na adopción e cumprimento das medidas preventivas a través dos mecanismos de participación que se recoñecen na LPRL, no seu capítulo V:

- > A consulta acerca da implantación e a aplicación do plan de prevención de riscos laborais.
- > A avaliación de riscos
- > A planificación e a organización preventiva.
- > O acceso á documentación correspondente a PRL, que se recolle nos artigos 33 e 36 da LPRL.

A integración da actividade preventiva na empresa instrumentase a través da implantación e aplicación dun plan de prevención de riscos laborais.

2 PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O plan de prevención de riscos laborais é a ferramenta básica de integración da actividade preventiva no resto de actividades da empresa, é dicir, no seu sistema xeral de xestión. (art. 2 RD 39/1997; art. 16 LPRL).

Recordemos de novo que o autónomo con traballadores a cargo é empresa e por tanto ten as mesmas obrigacións que estas.

2.1 Características fundamentais do plan de prevención de riscos laborais:

- > Debe ser aprobado pola dirección, asumido por toda a estrutura organizativa da empresa, en particular por todos os seus niveis xerárquicos, e coñecida por todos os traballadores.
- > O plan de prevención de riscos laborais deberá reflectirse nun documento.

2.2 Contido básico do plan de prevención de riscos laborais:

- > Identificación da empresa
- > Identificación da actividade produtiva da empresa.
- > Número e características dos centros de traballo dos que conste a empresa.
- > Número de traballadores e as súas características, se son relevantes para a prevención de riscos laborais (menores, procesos de maternidade,...).

- > Estrutura organizativa da empresa, coa identificación e responsabilidades dos seus niveis xerárquicos, e as distintas canles de comunicación entre eles con respecto a Prevención de Riscos Laborais.
- > Organización da produción:
 - Identificación dos distintos procesos técnicos.
 - Prácticas e procedementos organizativos existentes na empresa en relación coa PRL.
- > Organización da prevención na empresa, indicando a modalidade preventiva elixida e os órganos de representación existentes.
- > Política, obxectivos e metas que en materia preventiva pretende acadar a empresa.
- > Recursos humanos, técnicos, materiais e económicos dos que dispoñerá a empresa para desenvolver a actividade preventiva.

2.3 Instrumentos esenciais para a xestión e aplicación do plan de prevención de riscos laborais son:

- > A avaliación de riscos laborais.
- > A planificación da actividade preventiva.

3 AVALIACIÓN DE RISCOS LABORAIS

3.1 Definición

A avaliación de riscos laborais é o proceso dirixido a estimar a magnitude de aqueles riscos que non puideron evitarse, obtendo a información necesaria para que o empresario estea en condicións de tomar unha decisión apropiada sobre a necesidade de adoptar medidas preventivas e, en tal caso, sobre o tipo de medidas que deben adoptarse. (art. 4 RD 39/1997).

3.2 Contido xeral da avaliación

A avaliación inicial de riscos laborais que non puidesen evitarse deberá estenderse á totalidade dos postos de traballo nos que concorran ditos riscos e, para elo, teremos en conta (art.4.1 RD 39/1997):

- > As condicións de traballo existentes ou previstas.
- > A posibilidade de que o traballador que ocupe o posto de traballo sexa especialmente sensible polas súas condicións persoais ou polo seu estado biolóxico coñecido (por exemplo, o embarazo).

3.3 Persoal competente para realizar a avaliación de riscos laborais

A avaliación de riscos laborais farase mediante a intervención de persoal competente, tendo en conta o capítulo VI do RD 39/1997 (art. 34, 35 e 36).

Aos efectos de determinar as capacidades e aptitudes necesarias para realizar a avaliación de riscos laborais, temos a seguinte clasificación:

- > Funcións de nivel básico.
- > Funcións de nivel intermedio.
- > Funcións de nivel superior.

Como neste manual estamos centrándonos en traballadores autónomos, autónomos con traballadores a cargo e pequenas empresas, só describiremos as funcións de nivel básico que permiten:

- > Realizar avaliacións elementais de riscos laborais e, no seu caso, establecer medidas preventivas do mesmo carácter compatibles co seu grao de formación (art.35.1.a RD 39/1997).

Para realizar as funcións de nivel básico será necesario recibir formación por parte dunha entidade acreditada (por exemplo, dun servizo de prevención alleo). Esta formación terá unha duración de entre 30 e 50 horas (mención especial para o sector da construción, do que falaríamos de cursos de formación con duración de 60 horas). (Anexo IV RD 39/1997).

Dende o punto de vista de integración da prevención na xestión da empresa e, en aras de fomentar unha cultura preventiva, recomendamos que todos os traballadores autónomos teñan ou non persoal o seu cargo realicen un curso básico de Prevención de Riscos Laborais.

3.4 Documentación.

Para cada posto de traballo no que a súa avaliación realizada poña de manifesto a necesidade de tomar algunha medida preventiva deberá reflectir os seguintes datos:

- > Identificación do posto de traballo.
- > O risco ou riscos existentes e a relación de traballadores afectados.
- > O resultado da avaliación e as medidas preventivas procedentes.
- > A referencia dos criterios e procedementos de avaliación e dos métodos de medición, análise ou ensaio utilizados, se é que estes fosen necesarios. (art.5.3 RD. 39/1997).

3.5 Proceso de gestión de riscos

O proceso de xestión de riscos consta de dúas fases (análise do risco e avaliación do risco), que se poden identificar de forma visual na figura 3.1.

Na etapa de análise do risco realízanse as seguintes operacións:

- > A identificación do perigo.
- > A estimación do perigo, valorando conxuntamente a probabilidade e as consecuencias de que se materialice o mesmo.

O análise do risco proporcionará de que orde de magnitude é o risco.

Por outra banda, na etapa de valoración do risco avalíase o risco obtido, comparándoo co valor de risco tolerable. Isto serve para emitir un xuízo sobre a tolerabilidade do risco en cuestión.

Se da avaliación do risco o resultado obtido é de risco non tolerable, deberase actuar en consecuencia e controlar o risco.




Figura 3.1. Proceso de xestión de riscos
Fonte: Gómez Cano, M. et al., Evaluación de Riesgos, Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, 1996.

3.6 Niveis de risco

Faremos un pequena introdución gráfica para ver de maneira sinxela a clasificación de riscos, tendo en conta as dúas variables fundamentais:

- > A probabilidade de que ocorra un accidente laboral.
- > As consecuencias da ocorrencia dun accidente laboral

Táboa 3.1. Clasificación de riscos en función da probablidade de ocorrencia.
Fonte: Gómez Cano, M. et al., Evaluación de Riesgos, Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, 1996.

		CONSECUENCIAS		
		LIXEIRAMENTE DAÑINO	DAÑINO	EXTREMADAMENTE DAÑINO
POSIBILIDADE	BAIXA	RISCO TRIVIAL	RISCO TOLERABLE	RISCO MODERADO
	MEDIA	RISCO TOLERABLE	RISCO MODERADO	RISCO IMPORTANTE
	ALTA	RISCO MODERADO	RISCO IMPORTANTE	RISCO INTOLERABLE

Táboa 3.2. Clasificación de riscos en función das consecuencias da ocorrencia. Fonte: Gómez Cano, M. et al., Evaluación de Riesgos, Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, 1996.

RISCO	ACCIÓN
TRIVIAL	Non se require acción específica.
TOLERABLE	Non se necesita mellorar a acción preventiva. Sen embargo débense considerar solucións máis rendibles ou melloras que non supoñan unha carga económica importante.
MODERADO	Débense facer esforzos para reducir o risco, determinando os investimentos precisos. As medidas para reducir o risco débense implantar nun período determinado.
IMPORTANTE	Non se debe comezar o traballo ata que se reduza o risco

4 PLANIFICACIÓN DA ACCIÓN PREVENTIVA

4.1 Necesidade da planificación

Cando a avaliación de riscos puxera de manifesto situacións de risco, o empresario (e tamén o autónomo con traballadores contratados) planificará a actividade preventiva que proceda co obxecto de eliminar ou controlar e reducir ditos riscos.



Figura 3.2. Secuencia de actuacións para a planificación da actividade preventiva

4.2 Obxecto da planificación preventiva

A planificación preventiva debe realizarse co obxecto de:

- > Eliminar ou controlar os riscos laborais.
- > Reducir os riscos laborais.

4.3 Características da planificación preventiva

O proceso da planificación preventiva debe cumprir cunha serie de características, que se enumeran a continuación:

- > Farase en función dos riscos previamente avaliados.
- > Se terán en conta o número de traballadores e os riscos laborais avaliados.
- > Comprobarase a existencia de disposicións legais relativas a riscos específicos (exemplos: traballo en alturas, ruído ...).
- > Sempre terase en conta os principios da acción preventiva sinalados no artigo 15 da LPRL, xa visto en capítulos anteriores.

4.4 Contido da acción preventiva

Para poder realizar a acción preventiva de forma exitosa, cómpre ter en consideración os seguintes aspectos:

- > Os medios humanos e materiais necesarios, así como a asignación de recursos económicos precisos para a consecución dos obxectivos propostos.
- > A necesidade de integrar na acción preventiva:
 - A información aos traballadores. (art. 18 LPRL)

- A formación dos traballadores (art. 19 LPRL)
- As medidas de emerxencia necesarias (art. 20 LPRL)
- A vixilancia da saúde dos traballadores (art. 22 LPRL)

A actividade preventiva deberá planificarse para un período determinado:

- > Estableceranse fases e períodos en función da magnitude dos riscos e do número de traballadores expostos.
- > Farase un seguimento e control periódico das actividades.
- > O desenvolvemento da actividade preventiva de forma xenérica terá carácter anual. Se fora plurianual ou superior o ano cómpre establecer un programa anual de actuación.

4.5 Equipos de traballo e medios de protección

- > O empresario adoptará as medidas necesarias co fin de que os equipos de traballo sexan adecuados á actividade a desenvolver, de forma que garanta a seguridade e saúde do traballador que os utilice.
- > O empresario deberá proporcionar aos seus traballadores equipos de protección individual (EPI'S) axeitados para as súas funcións e velará polo uso efectivo dos mesmos (por exemplo, calzado de seguridade, gafas protectoras,...).

O empresario e o autónomo con traballadores contratados, teñen a obriga de velar pola utilización por parte dos seus traballadores dos equipos de protección individual. Por tanto, son os responsables finais da non utilización por parte dos traballadores, independentemente da responsabilidade posterior destes.

4.6 Información, consulta e participación dos traballadores

O empresario adoptará todas as medidas necesarias para que os seus traballadores reciban toda a información relativa a:

- > Os riscos para a súa seguridade e saúde no traballo, tanto os que afecten á empresa no seu conxunto como aos de cada posto ou función.
- > As medidas de protección e prevención aplicables como consecuencia dos riscos avaliados.
- > Medidas adoptadas como consecuencia da análise de situacións de emerxencia.

O empresario deberá consultar aos traballadores e permitir a súa participación en todas as cuestións que afecten á seguridade e á saúde no traballo.

4.7 Formación dos traballadores

O empresario deberá garantir que cada traballador reciba unha formación teórica e práctica, suficiente e adecuada en materia preventiva (art. 19 LPRL). A formación debe impartirse:

- > No momento de contratar ao traballador, independentemente do tipo de contrato ou duración.
- > Cando se produzan cambios nas funcións que o traballador desempeña.
- > Cando introduzamos na empresa novas tecnoloxías ou cambios nos equipos de traballo.

Ademais, a formación que se ofrece aos traballadores terá a seguintes características:

- > Estará centrada no posto de traballo ou función do traballador.
- > Adaptarase á evolución dos riscos ou á aparición de novos riscos. Isto implica que é posible que sexa necesario repetir a formación.
- > Sempre que as condicións o permitan, a formación impartirase dentro da xornada de traballo. Se non puidera ser así, descontarase da xornada laboral o tempo invertido na mesma.
- > O custe da formación non recaerá nunca no traballador.
- > A empresa poderá impartir a formación con medios propios ou concertándoa con servizos alleos.

4.8 Medidas de emerxencia

O empresario, tendo en conta o tamaño e a actividade da empresa, así coma a presenza de persoas alleas á mesma deberá (art. 20 LPRL):

- > Analizar as posibles situacións de emerxencia.
- > Adoptar medidas necesarias en materia de primeiros auxilios.
- > Adoptar medidas necesarias para a loita contra incendios (por exemplo, dotar ás instalacións de extintores).
- > Adoptar medidas necesarias para a evacuación dos traballadores.
- > Designar persoal encargado de poñer en práctica todas as medidas necesarias nunha situación de emerxencia así como comprobar periodicamente o seu correcto funcionamento.

O empresario deberá organizar as relacións que sexan necesarias cos servizos de prevención externos á empresa en materia de:

- > Primeiros auxilios.
- > Asistencia médica de urxencia.
- > Salvamento e loita contra incendios.

Lembrar que cando unha empresa ou traballador autónomo se atopa nas instalacións do seu cliente, será este o que lle proporcione a información necesaria para coñecer as medidas de emerxencia e evacuación no centro de traballo.

4.9 Risco grave ou inminente

No caso de que os traballadores estivesen expostos a un risco grave ou inminente con ocasión do traballo, o empresario deberá (art. 21 LPRL):

- > Informar o antes posible aos traballadores afectados.
- > Adoptar as medidas e dar as instrucións necesarias para que, no caso de que fora inevitable, os traballadores poidan interromper a súa actividade e, se fora necesario, abandonar o centro de traballo.
- > Dispoñer do necesario para que o traballador co seu coñecemento e cos medios técnicos dos que dispoña poida evitar as consecuencias dun risco grave ou inminente.

De acordo co art. 14 da LPRL, no seu apartado 1, o traballador terá dereito a interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo, en caso necesario, cando considere que dita actividade poida entrañar un risco grave ou inminente para a súa saúde.

4.10 Investigación de accidentes

O empresario levará a cabo unha investigación nos seguintes casos (art. 16.3 LPRL):

- > Cando se produza un dano para a saúde dos traballadores.
- > Cando, con ocasión da vixilancia da saúde prevista no art. 22 da LPRL, aparezan indicios de que as medidas de prevención resulten insuficientes.

A resposta á pregunta **Quen debe investigar os accidentes de traballo?**, vai a depender do tipo de empresa e da estrutura da mesma. Non obstante seguindo as recomendacións da nota técnica de prevención sobre investigación de accidentes do INSHT, pódese optar por realizar unha:

- > Investigación en liña: deberase investigar todos os accidentes ou incidentes ocorridos, e debería ser o mando directo da área ou sección na que se producise o accidente ou incidente o que a realizase. Isto é así polos seguintes motivos:
 - O mando directo é coñecedor do traballo e da súa execución.
 - Coñece aos traballadores.
 - Normalmente é o que aplicará as medidas preventivas que derivan da investigación do accidente ou incidente.

> Investigación especializada: será a realizada polo técnico de prevención, asesorado por especialistas técnicos das diversas áreas implicadas no accidente e estará acompañado polo mando directo e por calquera outro persoal da liña relacionado co caso a investigar. Esta investigación débese realizar en casos especiais ou complexos, coma por exemplo:

- Accidentes graves ou mortais.
- Incidentes ou accidentes dos que se poida deducir unha maior potencialidade lesiva.
- En supostos repetitivos.

O obxectivo principal da investigación de accidentes de traballo é identificar as causas do accidente, que normalmente serán múltiples, e propoñer actuacións para que estes non se produzan. Lembremos que se buscan as causas e non os culpables.

5 ORGANIZACIÓN DE RECURSOS PARA AS ACTIVIDADES PREVENTIVAS. MODALIDADES

Para o desenvolvemento de toda a actividade preventiva o RD 39/1997 polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, no seu capítulo III, relaciónanos as distintas modalidades de organización coas que conta o empresario.

Independientemente do modelo de organización elixido, o empresario e autónomo con traballadores a cargo é responsable de levar a cabo as accións preventivas.

5.1 Modalidade de organización

Existen tres modalidades de organización da actividade preventiva:

1. Asumindo o empresario ou o autónomo con traballadores contratados a actividade preventiva, con excepción das actividades relativas á vixilancia da saúde nas seguintes circunstancias:
 - En empresas de ata 10 traballadores.
 - Que as actividades realizadas na empresa non se inclúan no anexo I do RD 39/1997, pola súa especial perigosidade coma, por exemplo, o transporte de mercadorías perigosas.
 - Que o empresario desenvolva a súa actividade de xeito habitual no centro de traballo.
 - Que o empresario teña a capacidade correspondente ás funcións preventivas que vai desenvolver, é dicir, que teña o nivel de cualificación ao que fai referencia o capítulo VI do RD 39/1997. Como mínimo estará cualificado para exercer as funcións de nivel básico.

- Lembramos que a vixilancia da saúde, así coma calquera outra actividade preventiva non asumida polo empresario, deberá cubrirse recorrendo a calquera das restantes modalidades de organización previstas.
2. Designando a un ou varios traballadores para ocuparse da actividade preventiva na empresa, tendo en conta que, para aquelas actividades que non sexa suficiente a designación de traballadores, deberán ser desenvolvidas a través da contratación dun servizo de prevención alleo. Lembremos que se a nosa actividade está incluída no anexo I do RD 39/1997, (por exemplo, o transporte de mercadorías perigosas) o empresario non poderá asumir directamente a actividade preventiva.
 3. Recorrendo a un servizo de prevención alleo.

Neste manual non se contempla a posibilidade de constituír un servizo de prevención propio, xa que se está a abordar a PRL de pequenas empresas e autónomos con traballadores a cargo.

O traballador autónomo sen traballadores contratados non ten a obrigatoriedade de acollerse a ningunha modalidade de organización preventiva. Non obstante, lembremos que si desenvolve as súas funcións nas dependencias do seu cliente (por exemplo, operacións de carga e descarga) terá que cumprir coa normativa relativa á coordinación de actividades empresariais recollidas no art. 24 da LPRL e no RD 171/2004.

6 INFRACCIÓNS E SANCIÓN NA ORDE SOCIAL

Do Real Decreto Legislativo 5/2000 polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, imos extraer unha serie de cuestións que a nivel de pequena empresa e traballador autónomo, con ou sen traballadores ao seu cargo, deberíamos ter sempre presentes.

6.1 Concepto de infracción na orde social

Son infraccións en materia de Prevención de Riscos Laborais as accións ou omisións dos diferentes suxeitos responsables que incumpran as normas legais regulamentarias e as cláusulas normativas dos convenios colectivos en materia de seguridade e saúde no traballo suxeitas a responsabilidade conforme o RD 5/2000 (art. 5.2).

As infracción cataloganse en tres tipoloxías:

- > Leves
- > Graves
- > Moi graves

6.2 Suxeitos responsables da infracción

Teñen a consideración de suxeitos responsables da infracción os titulares do centro de traballo, os promotores e propietarios de obra e os traballadores por conta propia que incumpran as obrigas que derivan da normativa de PRL (art. 2.8 RD 5/2000).

6.3 Infraccións

Neste apartado imos destacar dous tipos de infraccións que recolle o RD 5/2000, nos que se fan mención expresa a traballadores por conta propia, é dicir, autónomos sen traballadores contratados:

- Non adoptar os empresarios ou traballadores por conta propia que desenvolven actividades nun mesmo centro de traballo as medidas de cooperación e coordinación necesarias para a protección e a prevención dos riscos laborais. Isto catalógase coma unha falta grave (art.12.13 RD. 5/2000).
- Non adoptar os empresarios ou os traballadores por conta propia que realizan actividades no mesmo centro de traballo, as medidas de cooperación e coordinación necesarias para a protección e a prevención de riscos laborais, cando se trate de actividades regulamentariamente consideradas como perigosas ou con riscos especiais. Isto catalógase como infracción moi grave (art.13.7 RD 5/2000). Lembremos que o transporte de mercadorías perigosas a súa carga e descarga estarían incluídas nas actividades de carácter especial (Anexo I – RD 39/1997).

O artigo 40, no seu punto 2, indica que as infraccións en materia de PRL sancionaranse da seguinte maneira:

- > As leves:
 - En grao mínimo de 40 a 405 €.
 - En grao medio de 406 a 815 €.
 - En grao máximo de 816 a 2.045 €.

- > As graves:
 - En grao mínimo de 2.046 a 8.195 €.
 - En grao medio de 8.196 a 20.490 €.
 - En grao máximo de 20.491 a 40.985 €.

- > As moi graves:
 - En grao mínimo de 40.986 a 163.955 €.
 - En grao medio de 163.956 a 409.890 €.
 - En grao máximo de 409.891 a 819.780 €.

As multas derivadas de infraccións sancionadas en materia de PRL non son asegurables en ningún caso.





CAPÍTULO IV COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

Introdución
59

Definicións
60

Obxectivo básico da coordinación
de actividades empresariais
61

Deber de cooperación
61

Medidas que debe adoptar o
empresario titular
62

Medidas que deben adoptar os
empresarios concorrentes
64

O empresario principal.
Deber de Vixilancia
64

Determinación dos
medios de coordinación
65

Operacións de carga e descarga
no transporte de mercadorías
por estrada
66

1 INTRODUCCIÓN

O artigo 24 da Lei de PRL referido á coordinación de actividades empresariais, está desenvolvido polo Real Decreto 171/2004. Neste capítulo trátanse os aspectos máis relevantes desta lexislación.

A normativa referida á coordinación de actividades empresariais é a que máis vai a afectar aos traballadores autónomos no momento que leven a cabo o seu traballo nas instalacións do seu cliente. Isto sucede, por exemplo, no caso dos transportistas de mercadorías, que soen realizar operacións de carga e descarga nas empresas dos seus clientes.

No Estatuto do Traballador Autónomo (Lei 20/2007), no seu artigo 8.3, vemos a necesidade de aplicar os deberes de cooperación, información e instrucións previstas no artigo 24 da Lei de PRL cando:

- No mesmo centro de traballo desenvolven actividades traballadores autónomos e traballadores doutra ou outras empresas.
- Os traballadores autónomos executen a súa actividade profesional nos locais ou centros de traballo das empresas para as que presten os seus servizos.

2 DEFINICIÓNS

2.1 Centro de traballo

Calquera área, edificada ou non, na que os traballadores deban permanecer ou á que deban acceder por razón do seu traballo.

2.2 Empresario titular

A persoa que ten a capacidade de poñer a disposición e xestionar o centro de traballo.

2.3 Empresario principal

E é o empresario que contrata ou subcontrata con outros a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade do mesmo, e que se realizan no seu propio centro de traballo.

En moitas ocasións a figura de empresario titular e principal recae na mesma persoa.

3 OBXECTIVO BÁSICO DA COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

A coordinación de actividades empresariais debe realizarse para garantir o control das interaccións das diferentes actividades que se realizan no centro de traballo, fundamentalmente cando:

- Poidan xerar riscos cualificados de graves ou moi graves.
- No centro de traballo se desenvolven actividades incompatibles entre si pola súa incidencia na seguridade e saúde dos traballadores.

4 DEBER DE COOPERACIÓN

O artigo 4 do RD 171/2004, céntrase no deber cooperación en relación á coordinación de actividades empresariais. En concreto, os aspectos máis salientables son os que fan referencia a:

- > O deber de cooperación no ámbito da normativa en PRL será de aplicación a todas as empresas e traballadores autónomos que concorran no centro de traballo, existan relacións xurídicas entre eles ou non.
- > As empresas concorrentes, deberán informarse reciprocamente sobre os riscos laborais específicos das actividades que desenvolven no centro de traballo e que poidan afectar aos traballadores doutras empresas.

- > Cando algunha das empresas poida xerar riscos considerados de graves ou moi graves, a información destes ao resto das empresas farase por escrito.
- > Cada empresario e, por tanto, o autónomo con traballadores contratados, deberá informar aos seus traballadores de todos os riscos derivados da concorrencia de actividades empresariais no mesmo centro de traballo.

5 MEDIDAS QUE DEBE ADOPTAR O EMPRESARIO TITULAR

O empresario titular deberá adoptar, en relación cos outros empresarios concorrentes e traballadores autónomos, as seguintes medidas:

- > Informar dos riscos propios do centro de traballo que poidan afectar ás actividades que son desenvolvidas polos empresarios concorrentes, así coma informar tamén das medidas tomadas para a prevención dos mesmos e as medidas de emerxencia a aplicar.

A información facilitada polo empresario titular debe cumprir sempre cos seguintes requisitos:

- > A información facilitada será suficiente e proporcionarase:
 - Antes do inicio das actividades.
 - Cando existan cambios relevantes nos riscos do centro de traballo.
- > A información será por escrito cando os riscos sexan cualificados como graves ou moi graves.

- > Dar as instrucións ao resto de empresarios concorrentes para a prevención dos riscos laborais existentes que poidan afectar os traballadores de estes.
- > Dar as instrucións axeitadas sobre as medidas de emerxencia existentes.

No caso específico de labores de carga e descarga no transporte de mercadorías por estrada, aconsellamos de dispoñer desta información e instrucións con antelación á chegada ao cliente. Así será posible ter un coñecemento previo das mesmas e realizar unha mellor coordinación de actividades.

6 MEDIDAS QUE DEBEN ADOPTAR OS EMPRESARIOS CONCORRENTES

Todos os empresarios que coincidan fisicamente no mesmo lugar de traballo, deben adoptar as seguintes medidas:

- > Ter en conta toda a información recibida polo empresario titular.
- > Cumprir todas as instrucións dadas polo empresario titular.
- > Deberán comunicar aos seus traballadores as instrucións e información recibidas do empresario titular.

Lembramos que as medidas referidas son de aplicación a todas as empresas e traballadores autónomos que desenvolven actividades no centro de traballo, existan relacións xurídicas ou non entre o empresario titular e eles.

Se somos traballadores autónomos sen traballadores contratados, tamén estamos afectados por esta normativa.

7 O EMPRESARIO PRINCIPAL. DEBER DE VIXILANCIA

O empresario principal deberá vixilar polo cumprimento da normativa de PRL por parte das empresas contratistas ou subcontratistas de obras ou servizos correspondentes a súa propia actividade e que se desenvolven no seu propio centro de traballo. (art. 10 RD 171/2004).

Lembremos que en moitas ocasións o empresario titular e o principal son a mesma persoa.

Antes do comezo da actividade, o empresario principal esixirá ás empresas contratistas e subcontratistas que acrediten, por escrito, para as obras e servizos contratados, o seguinte (art.10 RD 171/2004):

- Avaliación de riscos laborais.
- Planificación da acción preventiva.
- Información e formación aos traballadores que vaian prestar os seus servizos no centro de traballo.

A vixilancia á que está obrigado o empresario principal tamén se traslada ao traballador autónomo, estando este afectado, por conseguinte, da presente normativa relativa á coordinación de actividades empresariais.

8 DETERMINACIÓN DOS MEDIOS DE COORDINACIÓN

Unha vez recibida toda a información, os empresarios concorrentes no centro de traballo deberán establecer os medios de coordinación necesarios para garantir a seguridade de todos os traballadores afectados. Para elo cómpre ter en conta que:

- > A iniciativa para o establecemento dos medios de coordinación corresponderá ao empresario titular do centro de traballo no que se levan a cabo as actividades, ou no seu defecto ao empresario principal.
- > Os medios de coordinación deberán actualizarse cando se comprobe que estes non son os axeitados.

- > Cada empresario e autónomo con traballadores contratados, deberá informar a estes dos medios de coordinación establecidos.

9 OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA NO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA

Os empresarios que realizan o transporte de mercadorías por estrada, frecuentemente son tamén os encargados de realizar a carga e descarga do xénero do cliente nas súas instalacións. Este é o caso mais común de concorrencia de actividades dentro dun mesmo centro de traballo por varias empresas, autónomos ou autónomos con traballadores contratados.

Neste caso imos distinguir dous supostos:

- > Que o empresario titular ou principal non teña contratada a carga e descarga das mercadorías con empresas transportistas ou traballadores autónomos.
- > Que o empresario titular ou principal teña contratada a carga e descarga de mercadorías con empresas transportistas ou autónomos.

9.1 As operacións de carga e descarga non está contratadas

Neste caso, as operacións de carga e descarga recaen na empresa titular ou principal, a efecto da coordinación de actividades empresarias. As obrigas que teñen que afrontar son:

- > Dar a formación e instrucións ou protocolos oportunos ás empresas concorrentes (empresas transportistas e traballadores autónomos).

Deste xeito todos os seus traballadores poden acceder ás zonas habilitadas para efectuar as operacións de carga e descarga evitando os riscos derivados da actividade que outras empresas poidan desenvolver no mesmo centro de traballo.

Lembramos a importancia de coñecer estes protocolos antes de chegar ao centro de traballo para realizar as operacións de carga e descarga, xa que unha vez alí non se dispón de tempo suficiente para assimilar esa información que é moi importante para evitar accidentes.

- > Cumprir o deber de vixilancia no ámbito da normativa de PRL e, por suposto, levar a iniciativa para o establecemento dos distintos protocolos e medios de coordinación de actividades necesario.

Por outra banda, as empresas concorrentes deberán trasladar a información recibida da empresa titular aos seus traballadores, de acordo coa normativa de coordinación de actividades empresarias.

Por último, as empresas transportistas e os traballadores autónomos, deberán cooperar en todo momento coa empresa titular na coordinación de actividades empresariais, a fin de evitar riscos.

9.2 As operacións de carga e descarga están contratadas

Cando o empresario titular ou principal ten contratada a carga e descarga de mercadorías, engádese unha problemática a maiores posto que en moitos casos vanse utilizar medios de carga (coma por exemplo, traspaletas ou carretillas elevadoras) que serán propiedade da empresa titular ou principal.

Nestas situacións téñense que considerar o seguinte:

- > A coordinación de actividades empresariais en relación coa carga e descarga de mercadorías, desenvolverase sempre entre o empresario titular e as empresas concorrentes.

Nunca se desenvolverá a coordinación de actividades empresariais entre a empresa titular e os traballadores que accedan o centro de traballo

- > A empresa titular deberá solicitar ás empresas concorrentes:
 - Acreditación por escrito de que os traballadores das empresas concorrentes e traballadores autónomos dispoñen de información e formación sobre o manexo dos equipos que se utilizarán para as operacións de carga e descarga (por exemplo: polispasto).
 - Acreditación de que os traballadores dispoñen de autorización escrita por parte do empresario para a utilización dos equipos destinados a carga e descarga.

O RD 1215/1997 sobre a utilización de equipos de traballo, no capítulo destinado ás obrigas do empresario establece que, cando por motivos de seguridade e saúde a operación requira especiais coñecementos, o empresario adoptará as medidas adecuadas para que a utilización do equipo de traballo se faga por persoal autorizado e designado para elo

- Os contidos das instrucións e protocolos referidos á coordinación de actividades empresariais, no caso de utilización de equipos de traballo dos que dispón a empresa titular para a carga e descarga de mercadorías, incluírán información técnica respecto dos mesmos. A modo de exemplo destacamos:
 - » Marcado CE, en caso contrario, certificación do cumprimento do RD 1215/1997 sobre a utilización de equipos de traballo.
 - » Manual de uso facilitado polo fabricante.
 - » Rexistro de mantemento.
 - » Certificado do correspondente seguro se o equipo o necesita (por exemplo, carretilla elevadora).





BIBLIOGRAFÍA

- > Gómez Cano, M. et al., Evaluación de Riesgos, Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, 1996.
- > Lei 20/2007, de 11 de xullo, do Estatuto do Traballador Autónomo.
- > Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.
- > Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- > Nota Técnica de Prevención 442.1997, do Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, sobre investigación de accidentes-incidentes: procedemento.
- > Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve ao artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, da Prevención de Riscos Laborais en materia de coordinación de actividades empresarias.
- > Real Decreto 1273/2003, de 10 de outubro, polo que se regula a cobertura das continxencias profesionais dos traballadores incluídos no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e a ampliación da prestación por incapacidade temporal para os traballadores por conta propia.
- > Real Decreto 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Infraccións e Sancións na orde social.
- > Real Decreto 1215/1997, de 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo.
- > Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

PÁXINAS WEB DE REFERENCIA

- > FEDERACIÓN EMPRESARIAL DE TRANSPORTES DE GALICIA.
www.fetram.com
- > INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL.
issga.xunta.es
- > INSTITUTO NACIONAL DE SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO
www.insht.es

Federación de Transporte de Mercadorías por Estrada
Celso Emilio Ferreiro, 9 - 2º St.
36203 Vigo

T. 986480517
F. 886127720
comunicacion@fetram.com
www.fetram.com



Co financiamento da Xunta de Galicia



Elaboración e edición: MAYS Consultoria

Deseñado e desenvolvido por Innovación Ágil en setembro de 2013

Imaxes baixo licencia Creative Commons Atribución 2.0 Genérica:

Portada Tríptico, portada e contraportada manual: Moyan Brenn. Interior tríptico e portada cd: Tomás Fano.

Páxinas 2-3: Tomás Fano. Páxinas 8-9: Tomás Fano. Páxinas 18-19: Tomás Fano. Páxinas 30-31: Tomás Fano.

Páxinas 56-57: Claudio.Ar. Páxinas 70-71: elegantmob.

Federación Empresarial de Transporte
de Mercadorías por Estrada

Celso Emilio Ferreiro, 9 -2º St.
36203 Vigo

T. 986480517
F. 886127720

comunicacion@fetram.com

www.fetram.com

fetram 



XUNTA
DE GALICIA